



Programación didáctica 1ºEducación Primaria

Ceip Plurilingüe Os Tilos



Titoras

Ana Agulla Escáneo (1ºA)

Laura Sampedro Río (1ºB)

ÍNDICE	Páx.
1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
2.-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS DIFERENTES ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA, PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.....	5
2.1. Método alternativo á aula virtual para comunicar coas familias Mantendo a actividade lectiva a distancia.....	5
2.2. Modo de prever o dereito á educación ó alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	6
2.3. Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.....	6
3.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	6
4.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	8
5.-CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O NIVEL.....	9
6.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR	10
6.1. Contidos/área	
6.2. Criterios de Avaliación/área	
6.3. Estándares de aprendizaxe avaliáveis que formarán parte dos perfís competenciais	
6.4. Grao mínimo de consecución para superar a materia/área	
6.5. Competencia clave de cada estándar/área	
7.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	73
8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	75
8.1. Recursos humanos.....	75
8.2.Recursos materiais.....	75
8.3.Distribución dos tempos.....	75
8.4.Actividades	76
9.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	78
10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL:.....	79
10.1. Medidas organizativas.....	80

10.2. Medidas curriculares	80
11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	84
12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO	84
13.- PLANS E PROXECTOS DO CENTRO	85
13.1. Contribución ó Plan de Convivencia.....	85
13.2. Contribución ó Plan Tic.....	87
13.3. Contribución ó Proxecto Lingüístico.....	88
14.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.....	90
15.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS OBTIDOS.....	90

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente Programación Didáctica, (3º nivel de concreción curricular), está pensada para o primeiro nivel de Educación Primaria do CEIP OS TILOS no que se atopan matriculados 31 alumnos-as. Terase en conta o **Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro**, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, no que desenvolve os aspectos do mesmo en atención á nova configuración do currículo e tamén o **DECRETO 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na **Comunidade Autónoma de Galicia**.

A finalidade da Educación Primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e as aprendizaxes do alumnado e adaptarse ós seus ritmos de traballo.

Este curso traballarase en colaboración co programa **PLAMBE** (Plan de mellora de Bibliotecas Escolares) o proxecto "O Camiño de Santiago", deste xeito realizaranse actividades interdisciplinarias que se propoñen dende a biblioteca e o resto dos equipos do centro para todos os niveis educativos.

Estamos inmersos no proxecto Plurilingüe, polo que a área de Plástica será impartida na lingua inglesa. Nesta área contamos coa colaboración dun auxiliar de conversa.

Contexto social

Esta programación está pensada para 2 cursos de 1º nivel da Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Os Tilos, no Concello de Teo, na urbanización do mesmo nome do colexio. A urbanización dos Tilos é unha zona semiurbana moi preto da cidade de Santiago de Compostela. En canto ao alumnado podemos sinalar que a maior parte dos neos e nenas que acoden a este centro teñen un nivel socio cultural medio.

A implicación na educación dos fillos, en xeral, é boa e colaboran sempre que se lles solicita a súa cooperación.

Contexto lingüístico

A maioría do alumnado emprega o castelán para comunicarse, de todos xeitos irase introducindo progresivamente a lingua oficial de Galicia para que o alumnado adquiera competencias orais acordes ao seu nivel madurativo.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E /OU NON PRESENCIAL

No caso do desenvolvemento da programación nun **escenario presencial**, levarase a cabo a metodoloxía ata agora citada.

Así mesmo, na **actividade lectiva semipresencial**, combinaranse actividades presenciais na aula con actividades interactivas a través da aula virtual da editorial Santillana, así como o envío de tarefas en papel.

A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de **ensino a distancia** seguirá a ser **construtivista** e **globalizada**, polo que partirá dos coñecementos previos do alumnado, propoñéndolle pequenos retos e experimentos que permitan a manipulación de diferente material que os leve a inferir novos contidos a partir do que xa coñecen. Deste xeito, adquirirán **aprendizaxes significativas** e proporcionaralles unha maior **motivación** de cara ao traballo na casa.

Ademais, terase moi en conta a **atención emocional**, polo que presentaremos actividades que lles faciliten aos nenos e nenas entender o que lles ocorre e como poden xestionar as diferentes emocións que se lles presentan no seu fogar. Deste xeito, realizaremos actividades como a expresión artística das emocións.

2.1.Método alternativo á aula virtual para comunicación coas familias e mantemento da actividade lectiva a distancia

Durante a actividade lectiva a distancia, a comunicación coas familias farase a través de distintos medios en función das necesidades que se presente, polo que empregaremos: Abalar Móbil, correos electrónicos, videoconferencias, chamadas telefónicas e/ou a páxina web do centro.

Así mesmo, para levar a cabo as actividades lectivas co alumnado traballarase coa aula virtual de Santillana que recolle os libros de texto virtuais e permiten un seguimento continuo da actividade lectiva do alumnado. Ademais proporcionaranse

diferentes recursos en papel para aquelas familias que tiveran problemas de conexión ou de acceso a dita aula virtual. Do mesmo xeito, continuaríase co traballo de lectoescritura no libro de texto físico e coa atención do alumnado a través de videoconferencias se fose posible o acceso de todo o alumnado do grupo-clase.

2.2. Modo de prever o dereito á educación ó alumnado que non poida seguir ensinanza telemática

Naqueles casos, nos que o alumnado non poida seguir a ensinanza telemática, asegurárase o dereito á educación proporcionándolle material en papel, como actividades fotocopiadas ou libro de texto polo que se lles facilitará un punto de referencia común á familia e á escola para a súa entrega e recepción. Ademais poderase empregar a vía telefónica así como servizos de mensaxería instantánea que permitan o envío de actividades e a súa entrega para a corrección.

2.3. Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo profesorado

Para asegurar o seguimento continuo do curso, empregaremos o servizo de seguimento da aula virtual de Santillana que proporciona información sobre as actividades que realizan os nenos e nenas, sobre as veces que se conectan e os resultados que obteñen. Así mesmo, faranse correccións a través da propia aplicación proporcionándolle ao alumnado un atención directa e individualizada e unha retroalimentación do seu traballo asegurando que o alumnado se sinta amparado na súa actividade lectiva.

Tamén se requirirá que as familias colaboren e participen da aprendizaxe dos seus fillos/as e faremos intercambio de actividades a través do correo electrónico e da aula virtual do centro.

3. AVALIACIÓN INICIAL

Deseñárase unha **avaliación Inicial** individualizada para coñecer o nivel de coñecementos adquiridos na etapa de Educación Infantil ademáis da observación directa do alumnado.

Ademais destas avaliacións levadas a cabo polas titora e os mestres/as especialistas, prestarase atención aos informes do ano anterior e a comunicación e intercambio de información coas anteriores titoras. Toda esta información permitirá deseñar unha boa práctica educativa que lle permita a tódolos alumnos/as acadar os obxectos deste

primeiro ano na etapa obrigatoria. Igualmente compre mencionar que se manterán contactos e reunións periódicas co departemnto de orientación a prol da superación e supervisión das actuacións derivadas de necesidades educativas.

***PROBAS DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA : MADUREZ)**

- Motricidade fina:(preescritura).
- Factor visual da lectoescritura (erros de rotación).
- Identifica e escribe o seu nome en maiúsculas.
- Esquema corporal lateralizado (no espazo gráfico).
- Memoria auditiva.
- Memoria visual.
- Conceptos básicos de escritura en letra minúscula .

***PROBAS DE LECTO-ESCRITURA**

- Preescritura: o trazo.
- Identificación e escritura do nome en maiúsculas.
- Esquema corporal no espazo gráfico.
- Probas de recoñecemento visual.
- Memoria auditiva.
- Dictado de vogais.
- Conceptos básicos de lectura.(identificación de vogais).

***PROBAS DE MATEMÁTICAS**

- Series
- Estructura espacial.
- Dictado de números.
- Asociación grafía – número.
- Cálculo.
- Motricidade manual.
- Recoñecemento de bloques lóxicos.
- Identificación de números.
- Conceptos básicos.

- Secuencia temporais

4. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Propoñemos un modelo de ensino-aprendizaxe comprensivo que pretende unha educación universal (global ou integral) que debe preparar todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave.

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos nenos e nenas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as **Competencias Clave** que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que imponen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os nenos e nenas poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; constrúan un proxecto de vida satisfactorio; acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado e accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Esta concepción está alineada cos principios da aprendizaxe significativa e funcional das teorías construtivistas. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

5. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DO NIVEL

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia,
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos .
- d. Coñecer, ce respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f. Expresar e comprender mensaxes sinxelas lingua extranxeira e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas e ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.e o lugar onde viven
- i. Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe.
- x.Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k.Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas e respectar as diferenzas .
- l.Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m.Desenvolver as súas capacidades afectivas nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia.
- n.Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR

*Contidos

*Criterios de avaliación

* Competencias clave para cada estándar

*Estándares de aprendizaxe avaliáveis que formarán parte dos perfís competenciais.

* Grao mínimo de consecución para superar a materia .Mínimos esixibles (ver na táboa de estándares)

Matemáticas 1º E.P.					
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares (que formarán parte do PERFÍS COMPETENCIAIS)
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas					
1º	MT	g,e	MT-B1.1- Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	MT-B1.1- Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	1º-MTB1.1.1-Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade. [CMCT CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: é capaz de comunicar a forma de resolver un problema sinxelo</i>
1º	MT	g,i	MT-B1.3- Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	MT-B1.3- Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	1º-MTB1.3.1-Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. [CMCT CD CAA]
Bloque 2: Números					
1º	MT	e,g	MT-B2.1- Números naturais ata o 99. MT-B2.2-Nome e grafía dos números ata o	MT-B2.1-Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando	1º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 99. [CMCT CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: le, escribe e ordena os nº ata o 99.</i> 1º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. [CMCT CCL]

			<p>99. MT-B2.3- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas. MT-B2.4-O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. MT-B2.5- Identifica o número anterior e o seguinte a un dado. MT-B2.6- Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p>	<p>razoamentos apropiados.</p>	
1º	MT	b,e,g	<p>MT-B2.7- Identifica os números ordinais do 1º ao 10º. MT-B2.8- Utilización e</p>	<p>MT-B2.2- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en</p>	<p>1º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais. [CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: utiliza os nº ordinaos en contextos reais.</i> 1º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99 [CMCT CCL CAA]</p>

			relación dos números ordinais. Comparación de números. MT-B2.3- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.	situacións da vida cotiá.	<p>1º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. [CMCT]</p> <p>1º-MTB2.2.4-Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. [CMCT]</p> <p><i>MÍNIMO ESIXIBLE: ordena os números enteiros e ordenarepreséntaos na recta numérica.</i></p>
1º	MT	b,g	<p>MT-B2.9- Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>MT-B2.10-Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>MT-B2.11- Cálculo de sumas e restas.</p> <p>MT-B2.12- Utilización en situacións</p>	<p>MT-B2.3- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>1º-MTB2.3.1-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. [CMCT]</p> <p>1º-MTB2.3.2-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. [CMCT]</p> <p>1º-MTB2.3.3-Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. [CMCT]</p> <p><i>MÍNIMO ESIXIBLE: realiza cálculos baseados nas sumas e nas restas.</i></p>

			familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.		
1º	MT	b,g	MT-B2.13- Resolución de problemas da vida cotiá.	MT-B2.4- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ó seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos. resolución de problemas.	1º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. [CMCT CAA] 1º-MTB2.4.2-Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. [CMCT CAA CSIEE]
Bloque 3: Medida					
1º	MT	g	MT-B3.1- Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. MT-B3.2- Estimación de resultados de	MT-B3.1- Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	1º-MTB3.1.1-Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. [CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece e utiliza medicións naturais: palmo, paso e pé.</i>

			medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.		
1º	MT	g	MT-B3.1- Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. MT-B3.2- Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.	MT-B3.2- Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza.	1º-MTB3.2.1-Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual. [CMCT]
1º	MT	g	MT-B3.1- Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. MT-B3.2- Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos,	MT-B3.3- Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	1º-MTB3.3.1-Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade. [CMCT]

			capacidades...) en contextos familiares.		
1º	MT	g	MT-B3.3- Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. MT-B3.4-Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.	MT-B3.4- Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	1º-MTB3.4.1-Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. [CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece e utiliza as medidas de tempo :minuto,hora,día, semana e ano.</i> 1º-MTB3.4.2-Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. [CMCT]
1º	MT	b,g	MT-B3.5-O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. MT-B3.6-Equivalencias entre moedas e billetes.	MT-B3.5- Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	1º-MTB3.5.1-Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. [CMCT CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece e utiliza as moedas e utilízalas en situación reais.</i>

Bloque 4: Xeometría					
1º	MT	b,e,g	<p>MT-B4.1- Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.</p> <p>MT-B4.2- Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia.</p> <p>MT-B4.3-Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.</p> <p>MT-B4.4- Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.</p>	<p>MT-B4.1- Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>1º-MTB4.1.1-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. [CMCT CAA CCL]</p> <p>1º-MTB4.1.2-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. [CMCT CAA CCL]</p> <p><i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece e utiliza os conceptos : esquerda/dereita,diante/detrás, arriba/abaixo,preto/lonxe,próximo/afastado</i></p>

			MT-B4.5-Usa do vocabulario xeométrico : liñas abertas e pechadas; rectas e curvas. MT-B4.6-Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos.		
1º	MT	b,g	MT-B4.7-Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas.	MT-B4.2-Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	1º-MTB4.2.1-Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. [CMCT CAA]
1º	MT	b,g	MT-B4.8-Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	MT-B4.3-Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel.	1º-MTB4.3.1-Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. [CMCT CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: recoñece as formas xeométricas e resolve problemas sinxelos que impliquen este coñecemento.</i>
Bloque 5: Estatística e probabilidade					
1º	MT	g	MT-B5.1-Recollida e	MT-B5.1-Recoller e	1º-MTB5.1.1-Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. [CMCT CAA]

			clasificación de datos.	registrar una información que se pueda cuantificar, utilizando algunos recursos sencillos de representación gráfica.	<i>MÍNIMO ESIXIBLE: interpreta e resolve problemas sencillos con gráficas.</i>
--	--	--	-------------------------	--	--

Ciencias Sociais 1º E.P.					
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares (que formarán parte do PERFÍS COMPETENCIAIS)
Bloque 1: Contidos común					
1º	CS	b,d,e,h,i	<p>CS-CN-B1.1-O Observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico.</p> <p>CS-CN-B1.2- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p>	<p>CS-B1.1-Realizar traballos de investigación que partan da observación, experimentación sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>1º-CSB1.1.1-Recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e obtén conclusións sinxelas e as comunica. [CAA CCL CD CMCT]</p> <p>1º-CSB1.1.2-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación. [CSIEE CAA CSC CCL]</p> <p><i>MÍNIMO ESIXIBLE: amosa autonomía recollendo información empregando as TIC.</i></p>

			<p>CS-B1.3- Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información e analizala.</p> <p>CS-B1.1- Observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.</p> <p>CS-B1.12- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso</p>		
--	--	--	---	--	--

			de autorregulación de aprendizaxes.		
1º	CS	a,b,C,d,m	CS-B1.5-O traballo en equipo. CS-B1.6-Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. CS-B1.7-Valoración do esforzo e coidado do material. CS-B1.8-A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.	CS-B1.2-Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	1º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. [CSC CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: amosa un comportamento responsable nas actividades individuais e grupais.</i>
Bloque 2: O mundo que nos rodea					
1º	CS	h,j,o	CS-B2.1-A contorna física: observacións das características	CS-B2.1- Identificar os elementos principais da	1º-CSB2.1.1-Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. [CMCT CD CAA]

			principais.	contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	1º-CSB2.1.2-Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima [CMCT CCL]
1º	CS	h,a,o	CS-B2.2-O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables.	CS-B2.2-Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	1º-CSB2.2.1-Describe as características principais do aire e da auga. [CMCT CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece a súa contorna natural e describe elementos básicos empregando debuxos, imaxes e as TIC.</i>

1º	CS	h,a,o	CS-B2.2-O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables.	CS-B2.3-Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	1º-CSB2.3.1-Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima [CMCT CSC CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: reconece a importancia da auga e o aire e o seu uso responsable.</i>
1º	CS	g,h,i,o	CS-B2.3-O tempo atmosférico. Observación e medicións das sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital,..	CS-B2.4-Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	1º-CSB2.4.1-Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital. [CMCT CD CCL]

1º	CS	g h i o	CS-B2.3-O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital,..	CS-B2.5-Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación do tempo dos xornais.	1º-CSB2.5.1-Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local. [CMCT CAA]
1º	CS	g,e	CS-B2.4-Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás	CS-B2.6- Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	1º-CSB2.6.1-Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida. [CMCT CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: realiza recollidas de datos sinxelos e nomea os elementos do tempo atmosférico.</i>

			diferentes partes do día e á noite.		
1º	CS	g,e	CS-B2.4-Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocio ás diferentes partes do día e á noite.	CS-B2.7-Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	1º-CSB2.7.1-Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite. [CMCT CAA] <i>MÍNIMOESIXIBLE: identifica o paso do tempo ó longo do día.</i>
1º	CS	a, h, o	CS-B2.5-Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea.Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza.	CS-B2.8-Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	1º-CSB2.8.1-Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima. [CMCT CAA]

1º	CS	a,h,o	CS-B2.5- Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado natureza.	CS-B2.9-Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	1º-CSB2.9.1-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. [CSC CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: diferencia entre paisaxe natural e construída e identifica medidas de conservación da natureza.</i>
Bloque 3: Vivir en sociedade					
1º	CS	a,c,h	CS-B3.1- Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares.	CS-B3.1- Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuindo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	1º-CSB3.1.1-Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. [CMCT CSC CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: identifica os membros da familia e os roles familiares .</i>

1º	CS	a,h	CS-B3.2-A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.	CS-B3.2-Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	1º-CSB3.2.1-Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. [CMCT CSC CCL]
1º	CS	a,h	CS-B3.3-Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.	CS-B3.3-Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	1º-CSB3.3.1-Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. [CSC] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: recoñece os membros da comunidade escolar e respecta as normas de convivencia establecidas.</i>
1º	CS	h,e,o	CS-B3.4-A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da	CS-B3.4-Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	1º-CSB3.4.1-Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. [CMCT CAA] 1º-CSB3.4.2-Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas. [CCL CCEC] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: identifica diferentes tipos de vivendas e identifica as partes da casa .</i>

			casa.		
1º	CS	h,e,o	CS-B3.4-A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.	CS-B3.5-Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	1º-CSB3.5.1-Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalguna delas. [CCL CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece a diferenza entre cidade, vila e aldea e ubica a súa casa.</i>
1º	CS	h,e	CS-B3.5-Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento	CS-B3.6-Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	1º-CSB3.6.1-Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características. [CMCT CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: clasifica os medios de transporteda contorna</i>
1º	CS	h,n	CS-B3.6-Educación viaria. Camiñando pola rúa.	CS-B3.7-Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera reconecer un peón ou peoa para unha circulación óptima	1º-CSB3.7.1-Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc. [CSC CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:coñece e utiliza algunhas sinais de tráfico.</i>

				pola rúa.	
1º	CS	x,h	CS-B3.7- Manifestacións culturais da contorna.	CSB3.8-Coñecer algunhas das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	1º-CSB3.8.1-Cita e valora algunhas das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. [CCEC CSC CCL] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: coñece e participa nalgunas manifestacións culturais da contorna na que vive</i>
Bloque 4: As pegadas do tempo					
1º	CS	h, g, c, e	CS-B4.1-Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CS-B4.1-Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.	1º-CSB4.1.1-Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.. [CSC CAA CCL]
1º	CS	h,g,e	CS-B4.2-Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario	CS-B4.3-Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días,	1º-CSB4.3.1-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. [CMCT CCL]

			<p>como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.</p>	<p>as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.</p>	<p>MÍNIMO ESIXIBLE: <i>coñece os días da semana, os meses do ano e as estacións diferenciando alguna característica de cada unha.</i></p>
--	--	--	---	---	---

Ciencias Naturais 1º E.P.					
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares (que formarán parte do PERFÍS COMPETENCIAIS)
Bloque 1: Iniciación á actividade científica					
1º	CN	a,b,c,m	CN-B1.7-Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. CN-B1.5-O traballo cooperativo. CN-B1.6-Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual	CN-B1.2-Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	1º-CNB1.2.1-Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. [CAA CMCT CSC CSIEE] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: amosa iniciativa na procura de información utilizando diferentes estratexias.</i>
Bloque 2: O ser humano e saúde					
1º	CN	a, b, e, d, h, k, m	CN-B2.1-Identificación do home e da muller como seres vivos.	CN-B2.1-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas	1º-CNB2.1.1-Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. [CMCT CSC] 1º-CNB2.1.2-Recoñece partes do propio corpo. [CMCT CSC]

			CN-B2.2-Comparación con outros seres vivos. CN-B2.3-Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.	valorando a diversidade.	<i>MÍNIMO ESIXIBLE: recoñece as partes do propio corpo e identifica as diferenzas entre home e muller como ser vivo.</i>
1º	CN	a, b, d, h, k, m	CN-B.2.6-Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.	CN-B2.2-Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	1º-CNB2.2.1-Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. [CMCT CSC] 1º-CNB2.2.2-Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. [CMCT CSC]
1º	CN	b,c,e,g,h	CN-B2.7-Identificación de alimentos diarios necesarios. CNB-2.8-Análise e costumes na alimentación	CN-B2.3-Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para	1º-CNB2.3.1-Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. [CMCT CSIEE] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:coñece e valora a alimentación saudable e a súa relación con vida sana.</i>

			diaria	o recreo.	
Bloque 3: Os seres vivos					
1º	CN	e,h,l	CNB-3.1-Os seres vivos: as plantas e os animais. CNB-3.2- Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.	CN-B3.1- Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	1º-CNB3.1.1-Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. [CMCT CCL] 1º-CNB3.1.2-Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. [CMCT CCL] 1º-CNB3.1.3-Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. [CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:Identifica as características principais dos seres vivos: animais e plantas.</i>
1º	CN	a,b,c,e,h,i,x	CN-B3.3- Observación e identificación de animais e plantas do contorno. CN-B3.4- Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados . CN-B-3.5- Valoración da	CN-B3.2- Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados.	1º-CNB3.2.1-Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos . [CMCT CCL CAA CSIEE CD] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: identifica animais e plantas da contorna e alguna das súas características.</i>

			responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.		
Bloque 4: Materia e enerxía					
1º	CN	a,b,e,h	CN-B4.1-Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. CN-B4.2-Uso responsable da auga na vida cotiá CN-B4.3-Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.	CN-B4.1-Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	1º-CNB4.1.1-Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. [CMCT CSC CSIEE] 1º-CNB4.1.2-Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola. [CMCT CSC] <i>MÍNIMO ESIXIBLE: Identifica e utiliza algunha medida de protección medioambiental</i>
1º	CN	b,g,h	CN-B4.2-Exploración de materiais e obxectos do	CN-B4.2-Experimentar e manipular instrumentos e	1º-CNB4.2.1-Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. [CMCT] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:</i>

			contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade.	obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	<i>coñece as características básicas dos materiais de uso cotiá.</i>
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas					
1º	CN	a,b,c,d,e,h,x,m	CN-B5.1-Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas. CN-B5.2-Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono,	CN-B5.1-Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	1º-CNB5.1.1-Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. [CMCT CSC CCL] 1º-CNB5.1.2-Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. [CMCT CSC CSIEE] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:</i> <i>coñece e nomea oficios da súa contorna .</i> <i>. MÍNIMO ESIXIBLE:</i> <i>manipula aparellos sinxelos domésticos e escolares evitando estereotipos sexistas.</i>

			balanza, tesoira, espremedor etc.) .		
1º	CN	a,b,,i	CN-B5.4- Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. CN-B5.5- Coidado dos recursos informáticos.	CN-B5.2- Empregar ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	1º-CNB5.2.1-Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. [CMCT CD CCL] 1º-CNB5.2.2-Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. [CMCT CD] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:</i> <i>Identifica as partes básicas dun ordenador.</i>

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	de Estándares - [C.C.]
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar					
1º	LG	a,e	LG-B1.1- Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.	LG-B1.1- Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	1º-LGB1.1.1-Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. [CCL CAA]
1º	LG	b,d,e,i	LG-B1.2- Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LG-B1.2- Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	1º-LGB1.2.1-Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. [CCL CD CAA CSC] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:</i> <i>amosa comprensión oral de textos adaptados á súa idade.</i>
1º	LG	a,b,c,e,o	LG-B1.3- Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto	LG-B1.3- Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito	1º-LGB1.3.1-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. [CCL CAA CSC CSEIEE] 1º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. [CCL CAA] <i>MÍNIMO ESIXIBLE:</i>

			os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	académico.	<p><i>participa de forma activa en conversas cos mestres e cos iguais.</i></p> <p>1º-LGB1.3.3-Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. [CCL CSIEE CAA]</p> <p><i>MÍNIMO ESIXIBLE</i> <i>produce textos orais acordes á idade e expón diante da clase .</i></p>
<p>OBSERVAR E DESCRIBIR Elementos da rúa.</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR Persoas do barrio e as súas profesións.</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR Ámbitos de relación.</p>

<p>Tipos de casas. Elementos das casas. Aldeas, vilas e cidades.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>A miña casa e outras casas. A miña localidade e outras localidades.</p>	<p>Paso do tempo na contorna. Actividades das persoas en diferentes épocas do ano. Fenómenos atmosféricos.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>Actividades e costumes de diferentes épocas do ano.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>Utensilios e ferramentas e profesións.</p>	<p>Hábitos positivos de comportamento.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>Dereitos e deberes das persoas.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>Situacións da vida cotiá e benestar persoal.</p>
---	--	--

SEGUNDO TRIMESTRE		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
UNIDADE 4	UNIDADE 5	UNIDADE 6
<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>O planeta Terra: a atmosfera, os mares, os océanos e os continentes. A auga na Terra: auga doce e auga salgada. Os elementos dos mapas e a información que proporcionan. Os medios de transporte antigos e modernos.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>As paisaxes xeadas; os polos; as estacións. Os estados da auga. A forma de vida das persoas dos polos: os inuíts. A exploración dos polos.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>A relación entre a temperatura e os pasos de auga líquida a xeo e a vapor.</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>Os desertos: as dunas e os oasis. O tempo atmosférico no deserto: a temperatura e as precipitacións. O ceo ao longo dun día. As estrelas e as constelacións. A desertización.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p>

<p>Os mapas e as fotografías. O uso dos medios de transporte.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>Os medios de transporte axeitados a diferentes itinerarios.</p>	<p>O desxeo dos polos e a contaminación.</p>	<p>Os momentos do día e as horas.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>O tipo de paisaxe coa presenza de auga. As accións que favorecen o coidado da natureza.</p>
---	--	---

TERCEIRO TRIMESTRE		
ABRIL	MAIO	XUÑO
UNIDADE 7	UNIDADE 8	UNIDADE 9
<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>As paisaxes da chaira. Os elementos das chairas: os ríos. Usos da auga. Os cultivos.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>Os elementos naturais e os elementos artificiais das paisaxes. Os distintos tipos de chairas e os seus habitantes. A importancia dos ríos para a vida.</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>A paisaxe de montaña. As partes dunha montaña. A presenza da auga nas montañas. Os fenómenos atmosféricos.</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>Os elementos das diferentes partes dunha montaña. O tempo atmosférico. Interpretación dun mapa do tempo.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>As diferentes formas da auga na natureza.</p>	<p>OBSERVAR E DESCRIBIR</p> <p>As covas e os elementos que as compoñen. O paso do tempo. Os restos prehistóricos. Os medios de transporte</p> <p>COMPRENDER E COMPARAR</p> <p>Os medios de transporte antigos e modernos.</p> <p>RELACIONAR</p> <p>Obxectos e actividades da vida das persoas en diferentes épocas. A auga e as covas.</p>

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As mestras debemos buscar situacións próximas aos alumnos para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos dos catro saberes que forman cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar).

Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais; que os obriguen ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc. Para traballar as **competencias clave** relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións. Deste xeito, proceso de ensinanza- aprendizaxe deberemos:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas (avaliación inicial), para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.

Asegurar a **construción de aprendizaxes significativas** a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva, e posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si solos.

Fomentar a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Proporcionar **situacións de aprendizaxe** que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

A utilización dunha **linguaxe sinxela**, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.

A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.

A atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.

Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

A adaptación da acción educativa **ás diferenzas persoais** (capacidade, intereses)

A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.

A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir

O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

Organización espacial

A situación de cada alumno/a dentro da aula será fixo para manter controlada a distancia de seguridade e os contactos estreitos tal e como establece o **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021/22**.

Cada alumno/a dispón dunha mesa que lles permite manter os seus materiais de aula aillados, así como as prendas de vestir (abrigos, chaquetas...) colgadas das cadeiras. Igualmente engadiuse na lista de material unha caixa de plástico transparente onde gardarán cadanseu material e que terán debaixo da mesa (as meas son dobres). Na aula están colocados por grupos de catro (salvo un grupo en 1ºB que

son tres nenos/as os que componen un dos grupos). A situación de cada un con respecto ao compañeiro de en frente é diagonal, polo que a distancia cumpre co Protocolo.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado e para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

Estes materiais serán **diversos, variados e interactivos** tanto no que se refire ao contido como ao soporte. Para a súa utilización na aula, haberá que ter en conta que non sexan discriminatorios, non degraden o medio ambiente, ofrezan situacións relevantes de aprendizaxe para adaptarse ás diferenzas individuais e fomenten a curiosidade e a reflexión sobre a propia acción educativa.

Recursos humanos: cóntase coa titora e cos especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física e Relixión, P.T e A.L. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha videoconferencia que poida realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

Recursos materiais: inmoables, as clases realizaranse na aula do 1º nivel para todas as áreas, a excepción das sesións semanais de Educación Física , relixión e a sesión semanal de informática . Ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas das clases, como a pista polideportiva ou o patio de recreo.

En canto ós recursos **materiais móbiles**, a aula conta cunha pequena dotación de material: varios ordenadores, diversos libros, biblioteca de aula, xogos didácticos, Cds interactivos, corcho nunha das paredes da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as fora do alcance dos nenos/as.

O material que usará o alumnado para o traballo ordinario na aula estará disposto no seu pupitre e cadeira, non podendo empregar material de uso común de acordo coas normas establecidas ante a COVID 19.

- **Materiais curriculares impresos:** libros de texto (Santillana Cinco en Raia), guías didácticas, de libros de consulta, fichas didácticas...

- **Outros recursos didácticos**: fotos, mapas, xogos de mesa, quebracabezas, xogos matemáticos, xogos de lectoescritura, pinturas, calendarios, carteis, bloques lóxicos, regletas ...
- Para a resolución de problemas e cálculo, é interesante o manexo de **material manipulable ou gráfico** que permita un entendemento lóxico do mesmo, como poden ser o uso do ábaco, regretas, sementes, medidas, calendarios, reloxos, moedas e billetes...
- **Materiais elaborados polo profesorado**: folletos, guías, instrucións, envases, xornais, ...
- **Material funxible**: cadernos dos alumnos, cartafolios, lapis, rotuladores, gomas, cartolinas, papel continuo, papel pinocho, papel charol, papel de seda, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina...
- **Recursos dixitais**: Libro Dixital de cada materia, xogos interactivos, etc.
- **Biblioteca de aula**: Banco de libros, selección de préstamo da biblioteca de centro.
- **Materiais impresos** aportados polo alumnado ou profesorado.
- **Elementos do contorno natural**: sementes, pedras, follas, etc.

En relación coa **distribución dos tempos**:

En canto ó horario dos alumnos aínda respectando as normas impostas dende a administración educativa, a atención á diversidade esixe certa flexibilidade para agrupar horas de clase distintas das ordinarias. Deste xeito facilítase a realización de actividades interdisciplinares, de agrupamentos flexibles de reforzo, profundizacións...etc.. A coordinación do profesorado é un dos factores clave na organización e a eficacia da atención á diversidade. Aínda que, as previsións de traballo na aula e no centro escolar axustaranse realmente ó tempo disponible. Establecer os criterios para a organización e a selección dos materiais curriculares e outros recursos didácticos necesarios para a atención á diversidade profesorado.

Actividades:

As actividades que se expoñan serán prioritariamente coherentes coa capacidade que intentamos desenvolver nos obxectivos. Ademais, é interesante que sexan motivadoras e adecuadas para os alumnos a quen van destinadas, así como que manteñan unha orde ou estruturación coherente co que pretenden conseguir. Podemos pensar en diversos tipos de actividades:

Introdución- motivación: han de introducir o interese dos alumnos polo que respecta á realidade que han de aprender.

Coñecementos previos : son as que se realizan para coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos que se vai a desenvolver.

Desenvolvemento : son as que permiten coñecer os conceptos, procedementos ou as novas actitudes, e tamén as que permiten comunicar aos outros a tarefa feita.

Síntese-resumen: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.

Consolidación: contrástanse as ideas novas coas previas dos alumnos e aplícanas aos aprendizaxes novos.

Recuperación : prográmanse para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados.

Ampliación : permiten continuar construíndo coñecemento aqueloutros alumnos que realizaron de xeito satisfactorio as actividades de desenvolvemento propostas

Avaliación : incluírían as actividades dirixidas á avaliación que non estivesen cubertas polas actividades dos tipos anteriores.

Actividades de Avaliación Inicial. Actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.

Actividades de Reforzo e Ampliación. Permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

Actividades de Avaliación Final. Seguindo o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Primaria permiten avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polos alumnos.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

• Criterios de cualificación:

- Áreas: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

- o Criterios:

- Probas puntuais (orais e escritas) → 20%
- Actitude e participación. Esfuerzo → 40%
- Traballo en grupo → 15%
- Traballo individual (Tarefas: presentación e elaboración) → 25%

Áreas: Valores Sociais e Cívicos.

- o Criterios:

- Actitude e participación. Esfuerzo → 40%
- Traballo en grupo → 30%
- Traballo individual (Tarefas: presentación e elaboración) → 30%

• Criterios de promoción:

Supera o curso/nivel:

Con todas as materias aprobadas.

- o Con un insuficiente.
- o Con dous insuficientes, nos seguintes casos:

1º. Matemáticas + outra materia que non sexa lingua castelá ou lingua galega (cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o curso seguinte).

2º. Lingua castelá ou lingua galega + outra área que non sexa matemáticas (cando as aprendizaxes non acadadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o curso seguinte).

- o Con tres insuficientes ,que ningunha sexa matemáticas, lingua castelá ou lingua galega.

Non supera o curso/nivel:

- o Con dous insuficientes se estes son:
 - 1º Lingua castelá e matemáticas.
 - 2º Lingua castelá e lingua galega.
 - 3º Lingua galega e matemáticas.
- o Con tres insuficientes se unha delas é lingua castelá, matemáticas ou lingua galega.
- o O alumnado promocionará ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grado de madurez consoante á súa idade.

Accederase igualmente ao curso seguinte cando as aprendizaxes nos acadadas non supoñan obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

Na Educación Primaria porase especial énfase na Atención á Diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e, na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para abordala, polo tanto, tomamos como marco de referencia o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

Así prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Ambas clases presenten nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo de recibir apoios e atención das mestras de PT e AL. Primarase para que ditos apoios se sucedan nas clases ordinarias. A situación, ao comezo do curso en canto a atención á diversidade en cada unha das clases é a seguinte:

- **1ºA:** 1 neno con TEA (atendido pola mestre PT e AL) e outra nena atendida pola mestra de AL con leves dificultades na fala (posibilidades de darse de alta).
- **1ºB:** Unha nena con hidrocefalxia (atendida pola mestra de PT), 5 nenos/as con dislalias (atendidos pola mestra de AL), un neno con total descoñecemento de ambas linguas oficiais (chegou novo este curso de Afganistán e atópase pendente de valoración) e outro neno (tamén pendente de valoración) por amosar diversas dificultades e en especial de carácter social e comportamental. Do mesmo xeito tamén se atopan nenos/as que precisan de reforzos específicos para poder continuar co ritmo da clase.

Deste xeito, entre as **medidas ordinarias** empregaranse:

a) **Medidas Organizativas:**

- Adecuación da estrutura organizativa da aula.
- Espazos diferenciados.
- Agrupamentos flexibles.
- Materiais e recursos diferenciados.
- Reforzo e apoio dentro da aula.
- Reforzo e apoio fóra da aula, en casos excepcionais.

b) **Medidas Curriculares:**

- Atención personalizada.
- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación.

E, unha vez esgotadas as anteriores e por ser esas insuficientes, teranse en conta **medidas extraordinarias** tales como:

a) **Medidas Organizativas:**

- Reforzo e apoio fóra da aula por parte do profesorado de P.T. e A.L.
- Apoio para a adquisición da lingua no caso de alumnos/as estranxeiros recién incorporados.
- Escolarización domiciliaria ou combinada, se fose necesaria.
-

b) **Medidas Curriculares:**

- Adaptacións curriculares (ACI).
- Flexibilización horaria e de asistencia no caso de enfermidades, tratamentos, etc.
- Establecemento do protocolo de coordinación de todo o profesorado que imparte clases no grupo.

Ademais, levaranse á cabo actividades de reforzo e ampliación que atendan ás necesidades individuais de cada neno/a e aos seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

En primeiro lugar queremos que os nosos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola . Para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecernos das aprendizaxes individuais e colectivas.

O alumnado é moi diverso e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias básicas e as intelixencias múltiples, os seus intereses e os seus estilos de aprendizaxe. É por iso polo que o centro debe rentabilizar os seus recursos, e así conta con dúas mestras de Pedagogía Terapéutica e unha de Audición e Linguaxe que realizan apoios na aula ordinaria. Con todo, débese precisar que estes apoios irán encamiñados a fomentar hábitos de traballo autónomo, axeitados ao nivel de cada alumno atendido e coas axudas e guías axeitadas, para que, na medida do posible, poidan seguir o traballo plantexado a nivel xeral para toda a clase.

Neste apartado, é importante ter en conta:

Ás familias, mantendo relación e entrevistas constantes, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Coñecer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía...

A riqueza enorme de **recursos e posibilidades de interacción co medio rural** que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a posibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.

Os **distintos estilos de aprendizaxe** á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade lingüística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos,

comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas cualidades:

- Reforzando determinadas aprendizaxes básicas de ortografía, pronuncia correcta, cálculo, algoritmos... con recursos como:
- Realizando fichas de reforzo de lingua e matemáticas, elaboradas polo titor, de forma individualizada e seguindo directrices de orientación para cada caso concreto. Sería unha actividade a realizar na casa, sempre acordando o “cando” e o “como” coas familias en caso de comprometerse. De darse outras circunstancias, estas fichas elabóranse na aula e serán dirixidas a todo o alumnado, coa finalidade de impedir que se sintan diferentes.
- Alternando actividades teóricas con traballo práctico.

Ademais, antes de comezar unha actividade, asegurémonos de que todo o alumnado entendeu as tarefas. Para isto:

- Utilizaranse estratexias para captar a atención inicial, como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentaranse as actividades longas e limitaranse o número destas.
- Supervisarase frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizaranse apoios e reforzos visuais na instrución oral
- Combinaranse actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Utilizaranse reforzos positivos para motivar, como eloxios públicos ou privados, colocar os seus traballos no taboleiro, levar os seus traballos á casa cunha felicitación...
- Utilizaranse frases curtas e claras e permanecer cerca.
- Implicarase ao alumnado con preguntas sinxelas nas que poidan obter éxito.
- Realizaranse listas de palabras elaboradas en carteis polo propio alumnado para mellorar a ortografía .
- Usarase a miúdo de Software educativo: xogos de lingua, matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais e plástica, para reforzar os estándares do currículo.
- Reforzaranse as pronuncias incorrectas de certos fonemas (“r” e “s”) mediante cancións, retahílas e trabalinguas e outras orientacións a ter en conta, propostas pola orientadora do centro.

- Medidas para exercitar o pensamento matemático e o razoamento de problemas.
- Xogos de mesa (oca, parchís, damas, xadrez, cartas...)
- Medidas de ampliación para nenos e nenas que rematan antes as actividades individuais.

Na área de Ciencias Naturais utilizaremos experimentos ao noso alcance, na medida do posible, e saídas ao entorno, cando o tempo o permita, que lles faciliten adquirir unha mellor asimilación e fixación das aprendizaxes.

Na área de Ciencias Sociais, para axudar a unha mellor asimilación dos conceptos novos, remataremos case sempre as unidades didácticas realizando talleres de construción de maquetas, que lles permitan visualizar mellor conceptos estudados.

Parécenos importante traballar as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal. Máis que chamarlles a atención polo que non saben ou queren facer e o fan mal, suxerimos substituír esas oracións negativas por outras positivas. Ó remate das unidades didácticas darlles a posibilidade de reflexionar sobre o que aprenderon, que cousas lles gustaron máis e que cousas, menos. Para conseguir unha mellora emocional e polo tanto ter maior manexo control e mellora da súa conduta, utilizaremos diferentes estratexias que consisten en:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir incentivos (poñer a data no encerado, marcar o día no calendario, prender o ordenador e o canón, repartir material, supervisar o traballo dos demais...).
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatizada.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas

- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
- Facer un seguimento do seu traballo.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Ademais de participar nas actividades propostas polo Calendario Escolar e polos diferentes equipos, participárase naquelas que poidan xurdir ó longo do curso académico que sexan de interese para o alumnado .En principio as saídas didácticas quedan suspendidas debido a presenza da Covid.

Este curso estarán en función da evolución da **pandemia**. Tratarase de desenvolver **actividades virtuais** na medida do posible.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURRÍCULO

O Decreto 105/2014 do 4 de setembro, que desenvolve o currículo da Ed. Primaria, no seu artigo 11º establece unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as áreas. Estes elementos son:

Comprensión lectora, expresión oral e escrita.

Comunicación audiovisual e TIC

Empredemento

Educación cívica e constitucional.

Na nosa programación estes elementos desenvolverémolos a través dos seguintes plans: plan de convivencia, proxecto lector e lingüístico e plan TIC do centro.

Educación para a igualdade

Conseguir unha visión do mundo libre de discriminacións e rexeitamentos por calquera tipo de razón política, social ou cultural.

Educación ambiental

Ser conscientes da influencia da contaminación no cambio climático.

Coñecer e valorar o medio como un sistema vivo.

Educación para a paz

Respectar e valorar as experiencias e as achegas do resto dos compañeiros e compañeiras.

Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que te rodean, coa diversidade de culturas e coas diferentes formas de vida.

Educación moral e cívica

Defender activamente os dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleas. e facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.

Educación para o lecer

Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

13. PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

13.1 *Contribución da educación en valores ó Plan de convivencia

A través das áreas do currículo búscase o fomento dos valores necesarios para o desenvolvemento do crecemento persoal dos alumnos como membros dunha sociedade plural, na que se fan indispensables as actitudes de tolerancia e respecto ante a diferenza. Fomentárase o coñecemento doutras culturas e as súas formas de expresión a través de:

A **colaboración** e o **esforzo** nas realización das tarefas, o que achega calidade á convivencia en calquera outro ámbito da vida escolar.

A **valoración** e **respecto** das creacións propias e as dos compañeiros, interiorizándose actitudes positivas ante as múltiples creacións e actividades que se dan na súa vida cotiá.

Un **clima solidario** en todas as actividades o que contribúe a mellorar as relacións persoais influíndo positivamente no proceso de ensino-aprendizaxe ao fomentarse a axuda entre o alumnado compartindo materiais e ideas creativas.

O traballo con diferentes materiais fai conveniente o desenvolvemento dos **valores de orde e limpeza**, tanto nas realizacións coma no ámbito onde se elaboran.

A utilización de materiais de reciclado sensibiliza o alumno cara á **conservación do medio**, o que contribúe ademais ao fomento da creatividade e á investigación de distintas formas de expresión.

Actividades que reforzan a **autoestima** e a confianza do alumnado, posto que favorecen a creación, a elaboración e o disfrute co propio traballo.

***Contribución ó plan de convivencia do centro:**

Establecer de maneira consensuada cos titores e resto do profesorado unhas normas básicas de comportamento e a forma para asegurar o seu cumprimento.

Facilitar o tratamento dos conflitos a través das medidas especificadas no PAT.

Reforzar positivamente condutas que faciliten a convivencia e promover situacións que potencien a súa aparición.

Implicar ás familias nunha maior participación na educación dos seus fillos fomentando a colaboración coa escola e o tempo compartido cos seus fillos.

Compartir coas familias estratexias de educación en valores adecuados para cada idade.

13.2. *Contribución ó plan TIC

O emprego das TIC fai necesario que o noso alumnado se familiarice coas ferramentas de uso frecuente na creación gráfica. Entre as ventaxas que nos ofrece o uso das TIC podemos citar:

Invitan á experimentación e a creación.

Permiten correxir, manipular, transformar imáxenes de forma rápida.

Posibilitan as visitas “virtuais” a obras de arte, museos,...

Aumentan as posibilidades de colaboración e traballo cooperativo.

Ofrécennos a posibilidade de compartir as nosas creacións.

Coa aplicación das TIC nas distintas áreas pretendemos alcanzar os seguintes **obxectivos**:

Integrar as TIC na práctica docente.

Iniciarse en experiencias plásticas utilizando aplicacións como GIMP, TUXPAINT,

Ampliar a súa visión sobre o mundo da arte accedendo a obras dos autores máis relevantes para a cultura.

Desenvolver a capacidade creadora do noso alumnado utilizando as TIC como ferramenta fundamental.

Incrementar o desenvolvemento expresivo a través das creacións colaborativas entre os seus compañeiros/as de aula.

Favorecer o desenvolvemento da sensibilidade e o gusto estético tanto das súas propias producións como as dos grandes autores e autoras.

Desenvolver o sentido crítico.

Estimular a autoestima e a confianza en sí mesmo.

Favorecer a actividade grupal e o traballo colaborativo.

Desenvolver hábitos de disciplina e orden nas producións .

Actividades:

As actividades a desenvolver en relación ao uso das TIC son:

Búsqueda de información en internet.

Visitas virtuais a museos, monumentos, etc

Ver, analizar, expresar e criticar imáxenes tanto de autores conocidos como as propias producións ou dos seus compañeiros/as.

Realizar en papel coas ferramentas clásicas: pinceis, rotuladores, etc, as producións que se estimen convenientes.

Realizar murais webs con motivo das ocasións especiais: Nadal, Entroido, etc.

Realizar producións tradicionais: murais, decoración en tela, barro, etc, segundo diseños previamente realizados no ordenador.

Iniciar ó alumnado de E. Primaria en aplicación de uso sinxelo .

Vocabulario así como expresións orais segundo o grao de madurez do alumnado.

13.3. Contribución ó proxecto lector de e proxecto lingüístico do centro

A experiencia da lectura debe ir acorde ao desenvolvemento do resto de destrezas. Trátase de descubrir que ler (na propia lingua ou na lingua estranxeira) pode ser divertido ou emocionante; que a lectura non só debe ir unida ao estudio, senón que tamén pódese ler polo pracer de coñecer historias; que non é necesario traducir, nin entender todas as palabras, para comprender o significado dunha historia.

Obxectivos do Plan Lector

Crear lectores competentes que lles guste ler, con independencia do nivel de adquisición da lingua que teña o alumnado, e lograr que esta competencia se vaia acrecentando cada vez máis.

Mellorar e interiorizar a adquisición do vocabulario e as estruturas traballadas na clase, e amplialas con outras que poidan ser usadas nos textos lidos.

Optimizar a comprensión lectora, engadindo ás unidades didácticas actividades relacionadas coa lectura dd diferentes textos .

Consolidar as destrezas lingüísticas de lectura a través actividades de comprensión auditiva, con lecturas que incorporen audio.

Actividades:

Actividades de lectura colectiva ou compartida:

Destacar a que chamamos "ler xuntos". O profesor actúa como guía e facilitador da descodificación do texto, realizando a lectura oral dos relatos a todo o grupo ; así mesmo, a medida que lles le o texto, vai solicitando a súa participación para que, por exemplo, formulen hipótese sobre o significado do que oen con apoio nas imaxes do texto, ou anticipen o desenvolvemento da historia baseándose na repetición de esquemas narrativos.

Ler xuntos, ademais de resultar divertido como actividade de achegamento ao texto escrito, posúe unhas características que o fan aconsellable dende o principio xa que:

Trabállase a fonética e o vocabulario a través da historia lida.

A linguaxe faise significativa ao aparecer nun contexto de uso moi definido.

Promóvese a posta en marcha de estratexias de comprensión animando aos alumnos a predicir o que segue, á vista das ilustracións que acompañan ao texto ou doutros índices textuais (por exemplo, nomes de personaxes ou lugares en maiúsculas).

Poténciase a participación colectiva na lectura.

Lectura autónoma e individual : pode obedecer, por unha banda, a necesidades de obtención de información ou satisfacer a curiosidade do alumnado respecto algúns temas e por outra, a necesidades de comprobación ou reforzo das propias hipóteses léxicas, como é o caso, por exemplo, da consulta dun dicionario de imaxes.

Outras actividades con lecturas son:

Lectura e interpretación de órdenes, enunciados e pequenos textos acompañados de imaxes para favorecer a comprensión.

Lecturas de textos axeitados á idade do alumnado.

Búsqueda de información en internet.

Actividades de Escritura

En canto ás actividades de escritura propóñense dous tipos: de produción colectiva ou compartida e de produción autónoma.

Actividades de produción colectiva: creación de murais, anuncios, proxectos,...

Actividades de produción autónomas referentes ás lecturas que realizan, poden adoptar diversas formas:

Rotulación de palabras ou mensaxes con distintos materiais.

A partir de imaxes expresar as propias vivencias, experiencias, emocións para crear historias combinando imaxes e palabras.

Observación, análises e interpretación de diferentes imaxes p (cadros, imaxes publicitarias,...) e elaboración de mensaxes escritos a partir delas.

14. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as

aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe. En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente. Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados
- Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, para ser realizada ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro:

15.- REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS

Temporalización:

TRIMESTRALMENTE

	INDICADORES DE LOGRO	CUANTIFICACIÓN 1 – 2 – 3 – 4 - 5	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
--	----------------------	-------------------------------------	---

Motivación inicial dos alumnos/as:

1	Propoño e presento un plan de traballo, explicando a súa finalidade , antes de cada unidade.		
2	Plantexo situación introductorias previas ao tema que se vai tratar(dialogos, lecturas..)		

Motivación ao longo do proceso:

3	Mantense o interese do alumnado partindo das súas experiencias.		
4	Comunico a finalidade das aprendizaxes, importancia, finalidade..		
5	Dou información dos progresos acadados e das dificultades atopadas.		

Presentación dos contidos/estándares de aprendizaxe:

6	Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.		
---	---	--	--

7	Estructuro e organizo os contidos dando una visión xeralde cada tema(mapas conceptuais, esquemas,que teñen que aprender, que é o importante).		
---	---	--	--

Actividades na aula:

8	Plantexo actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades técnicas e instrumentais básicas.		
9	Propoño actividades variadas(de diagnóstico,introducción, motivación, desenvolvemento, de síntesis,de consolidación , de recuperaciónde ampliación e de avaliación).		

Recursos e organización da aula:

10	Manteño una distribución axeitada do tempo.		
11	Organizo distintos agrupamentos en función do momento,da actividade, dos recursos...propiciando un bo clima de traballo.		
12	Emprego recursos didácticos variados (tics, audiovisuais,técnicas de aprender a aprender....) tanto para a presentación dos contidos como para apráctica dos alumnos, favorecendo un uso autónomo por parte dos mesmos.		

Instruccións,aclaracións e orientacións das tarefas dos alumnos/as:

13	Comprobo facendo preguntas, que verbalicen o proceso... , que os alumnos entenderon a tarefa que teñen que realizar.		
14	Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problema, animo e asegúrome da participación de todos.		
15	Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dar pistas, feedback....		

Clima da aula:

16	As relacións cos meus alumnos dentro da aula, e as de eles entre sí, son correctas, fluidase non discriminatorias.		
17	Favorezo a elaboración de normas de convivencia entre todos .		
18	Fomento o respecto entre o alumnado e propono situación que faciliten o desenvolvemento da afectividade .		

Seguimento/control do proceso de ensinanza/aprendizaxe:

19	Reviso frecuentemente os contidos, actividades propostas, os espazos , os tempos, os agrupamentos e os materiais utilizados.		
20	Proporciono información aos alumnos sobre a execución das tarefas e como pode melloralas		
21	No caso de que os obxectivos non fosen acadados, propono novas		

	actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		
--	---	--	--

Diversidade:

22	Teño en conta as habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe e en función deles adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades.....)		
23	Manteño coordinación con outros profesionais (PT, AL, , DO) para modificar e/ou adaptar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe).		